



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na inauguración da exposición fotográfica *Prioridade I. Pobreza e exclusión social*, organizada pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN-Galicia)

Parlamento de Galicia, 17-10-2011, 11,00 horas

Amigos da Rede Galega de Loita contra a Pobreza
Membros da Mesa, Portavoz,
Deputadas e deputados,
Señoras e señores:

Por segundo ano consecutivo, o Parlamento de Galicia abre as súas portas e cede as súas instalacións para contribuír a chamar a atención do conxunto da sociedade sobre a celebración, na xornada de hoxe, 17 de outubro, do Día internacional para a erradicación da pobreza.

E facémolo acollendo a exposición fotográfica *Prioridade1. Pobreza e exclusión social*, organizada pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza, EAPN-Galicia.

A través da mostra fotográfica que durante toda esta semana poderá visitarse nestas dependencias, desde o Parlamento de Galicia queremos contribuír a fomentar a reflexión; a espertar a conciencia, individual e colectiva, e tamén a eliminar as bandas invisibles que nos impiden, ás veces, ollar a realidade da pobreza, a da exclusión social tal e como son, con toda a súa crueza e inmediatez.



Damos cumprimento, tamén, con esta mostra, a un mandato que se nos trasladou no *Manifesto por unha cidadanía inclusiva*, lido polo presidente de EAPN-Galicia nesta mesma sala o pasado ano. “Coñécenos antes de xulgarnos”, era a mensaxe coa que, acertadamente, se instaba a toda a sociedade a mudar de actitude.

Por iso, aquí e agora, en presenza de deputados das tres forzas políticas representadas nesta Cámara, quero reiterarlles que as portas do Parlamento de Galicia están permanentemente abertas para todas as galegas e os galegos, e moi especialmente para os que nun determinado momento das súas vidas poidan atoparse nalgunha situación de risco de exclusión social.

Todos sabemos o complicado que resulta facerse escoitar cando un atravesamos momentos difíciles ou ten que desenvolverse nun medio especialmente adverso. De aí a transcendencia do labor que realizan todas as entidades que integran a Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN-Galicia), ás que desde aquí lles quero recoñecer o seu papel de mediadores, que actúan de voceiros ante as diferentes institucións para trasladar a visión e os problemas dos que menos teñen e que, precisamente por iso, son os que máis necesitan da nosa atención, especialmente nestes momentos de intensa crise económica que estamos a atravesar.

En calquera caso, e como xa tiveron ocasión de expresarlles o pasado ano, creo que non lles debemos trasladar a competencia exclusiva da loita contra a pobreza e a exclusión social ás institucións públicas. Tan importantes como os recursos públicos son os xestos e a toma de conciencia de cada un de nós, de toda a sociedade.



Por iso, por iniciativas como esta exposición, ou como o *Encontro galego de cidadanía inclusiva* que se celebrou en Santiago de Compostela o pasado mes de setembro, quero felicitar a Rede Galega contra a Pobreza.

Grazas por concienciarnos, por querer implicarnos, e por mostrarnos que, a pesar do desasosego imperante, existen razóns para a esperanza.

Coa seguridade de que, máis aló das lexítimas visións particulares de cada un, todos compartimos os obxectivos expostos no manifesto que acabamos de escoitar, declaro inaugurada esta mostra.

Moitas grazas.